


## Evolución e “deseño intelixente”



A principal crítica ao evolucionismo provén de fóra do ámbito da ciencia. Os movementos antievolucionistas cristiáns levan século e medio desenvolvendo unha intensa campaña política e social na que rexeitan a teoría evolucionista de Darwin e defenden que dos primeiros capítulos da Xénese despréndese que Deus é o creador de todo o existente.

As presións do fundamentalismo cristián contra a ensinanza das ideas de Darwin nas escolas provocou varios procesos xudiciais nos EE. UU. Os creacionistas promoveron unha campaña para que nas clases de Bioloxía da escola pública se dedicara o mesmo tempo ao ensino do relato bíblico da creación e á teoría da evolución. Pero unha sentenza xudicial de 1982 considerou que o creacionismo é unha doutrina relixiosa e pola separación entre relixión e Estado que recolle a Constitución dos EE. UU., non pode impartirse no sistema público.


A última estratexia creacionista foi propor como alternativa á evolución o denominado “deseño intelixente”. Segundo esta explicación, os organismos son complexos de máis para apareceren por selección natural, así que tiveron que ser deseñados por un “axente intelixente”.

En canto á Igrexa católica, en 1996, o Papa Wojtyła aceptaba que o evolucionismo fose conciliable co dogma católico e que era máis ca unha simple hipótese. Pero esta rehabilitación da teoría evolucionista de

Darwin matizaba que as lecturas materialistas sobre a orixe da vida eran incompatibles co maxisterio da igrexa.

No ano 2005, o cardeal arcebispo de Viena Christoph Schönborn, nun artigo de *The New York Times* considerou vago e sen importancia o discurso de Wojtyła. Ante a preocupación de científicos católicos, o Papa Ratzinger convocou en 2006 un encontro para debater sobre a evolución. O diálogo, recollido no libro *Schöpfung und Evolution* (2007), conclúe que a teoría da evolución non pode ser comprobada experimentalmente.

O perigo da implantación do ensino do deseño intelixente nas escolas, como propoñen medios conservadores e ultradereitistas, levou á Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa a aprobar en outubro de 2007 a resolución 1580 (2007) en que defende a separación da ciencia e a relixión e a coexistencia de ambas. Esta resolución advirte dos perigos que supoñería considerar o creacionismo unha disciplina científica e subliña que obviar a teoría da evolución traería implicacións negativas para o desenvolvemento das sociedades occidentais.



Portada da edición de 1899 de *La descendencia del hombre y la selección en relación al sexo*, traducida ao español por José del Perojo e Enrique Camps.